

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A FUNDACIÓN MENIÑOS PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE INTERVENCIÓN CON MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA SEXUAL EN GALICIA.

MEMORIA EXPLICATIVA

De conformidade co Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, á Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, como órgano de dirección correspóndelle Impulsar as actuacións conducentes á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de autonomía de Galicia, na Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia.

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, dispón como obxecto no seu artigo 1 a adopción en Galicia de medidas integrais para a sensibilización, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, así como a protección e o apoio ás mulleres que a sofren, establecendo ademais no seu artigo 3 apartado d) que a violencia sexual é unha forma máis de violencia de xénero.

A Macroenquisa de Violencia contra a Muller é, xunto coa Enquisa Europea de Violencia de Xénero, a operación estatística máis relevante que se realiza en España sobre este tipo de violencia. É unha estatística oficial que se realiza cada 4 anos e está incluída no Plan Nacional 2021-2024.

Os datos que achega a Macroenquisa do ano 2024 reflicten que do total de mulleres residentes en España de 16 ou máis anos, o 7,7% sufriron violencia sexual no ámbito da parella en algún momento da súa vida e estímase que o 14,5% sufriron violencia sexual nalgún momento da súa vida causada por algunha persoa coa que non manteñen nin mantiveron unha relación de parella.

A Fundación Meniños vai desenvolver un Programa de intervención con mulleres vítimas de violencia sexual que mostran desaxustes físicos e emocionais como consecuencia da situación de violencia. O desenvolvemento do programa de intervención levarase a cabo nas seguintes fases: Identificación e avaliación de necesidades, avaliación das dificultades actuais da muller abusada, elaboración do plan de tratamento, desenvolvemento do plan terapéutico individual e un seguimento. Así mesmo farase traballo coa familia xa que é importante no proceso de recuperación sempre e cando exista o consentimento da muller e intervención en



grupo que é un formato terapéutico no que a persoa psicoterapeuta intervén cun grupo reducido de persoas afectadas de maneira conxunta.

O programa desenvolverase nas catro provincias galegas tendo en conta a enorme subida de casos tratados pasando de 68 casos no ano 2020 a 140 no ano 2025.

A Consellería de Política Social e Igualdade, de cara a mellorar a atención que se presta ás mulleres vítimas de violencia sexual en Galicia, estima conveniente asinar un convenio coa Fundación Meniños, para o desenvolvemento dun programa de intervención especializada con mulleres vítimas de violencia sexual que terá carácter gratuíto para as persoas usuarias do mesmo.

O procedemento de intervención é unha axuda psicolóxica por parte de profesionais acreditados con formación e con formación específica na atención ás vítimas de abuso sexual e trauma relacional, no contexto dunha relación segura e voluntaria. Os obxectivos principais son o desenvolvemento dun contexto de seguridade e de prevención de novas situacións de traumatización, acompañar ás mulleres na adquisición de información e habilidades para afrontar as consecuencias do abuso, a elaboración dunha narrativa adecuada do trauma e promover o súa integridade da identidade e benestar bio-psico-social. O desenvolvemento do tratamento baséase na estrutura do modelo cognitivocondutual focalizado no trauma, pero emprega unha aproximación a este dialóxica e recursiva, centrada no ritmo e necesidades da persoa abusada e no establecemento dunha relación terapéutica segura e próxima, e recorrendo a un amplo abanico de técnicas derivadas da psicoterapia narrativa e da teoría do apego.

Así mesmo, o traballo coa familia é importante no proceso de recuperación sempre e cando exista o consentimento da muller. Moitas das dificultades que presentan as vítimas e as súas familias teñen que ser entendidas como as reaccións coas que puideron afrontar a situación e, por tanto, hai que revisalas como intentos de solución ineficaces desculpabilizándoas.

Neste caso o obxectivo fundamental da intervención coa familia é diminuír as condicións de vulnerabilidade para a traumatización secundaria, axudarlles a establecer unha comunicación eficaz e segura sobre o que pasou e o que necesitan para avanzar, e preparar á familia a recuperar e alentar as súas áreas funcionais, preparándoas para seguir avanzando unha vez terminado o proceso terapéutico.

Dentro do proceso as mulleres que o precisan participan nunha actividade deportiva o Programa Recorpórate a través de dúas sesións semanais de 1 hora de duración de exercicio físico dirixido e acompañado por un adestrador persoal.

Por tanto o obxectivo desta actividade é impulsar a recuperación integral das mulleres vítimas de violencia sexual a través da combinación dunha intervención psicolóxica e un adestramento físico de forza nun contorno de seguridade que teña en conta as súas necesidades específicas tanto físicas como emocionais.



O programa desenvólvese actualmente nun período aproximado de 15 meses, nun número moi variable de sesións dependendo das necesidades da persoa usuaria, ademais de apoio e asesoramento constante e a intervención implica os seguintes pasos:

- Proceso de avaliación das necesidades do tratamento, situación da muller, capacidade de afrontamento e expectativas fronte ao programa.
- Traballo psicoeducativo.
- Traballo centrado en técnicas para o manexo do estrés.
- Traballo centrado na expresión e modulación dos afectos.
- Traballo centrado no manexo de crenzas e pensamentos desadaptativos con respecto ao abuso.
- Reconstrución de experiencias de apego anteriores á situación de abuso. Procura de indicadores de vulnerabilidade e de habilidades e competencias.
- Reconstrución da narrativa do trauma e un traballo conxunto coa familia, se é posible e hai consentimento.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero

Roberto Barba Alvedro

